

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: “CONSTRUCCIÓN DE CAFETERÍA DENTRO DO PARQUE” INCLUIDAS NO PROXECTO “PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E RESTAURACIÓN INTEGRAL DO PARQUE HISTÓRICO ROSALÍA DE CASTRO. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Sendo as 13:45 horas do día 13 de maio de 2010, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Fernando Piñeiro Díaz, polo Grupo Municipal Socialista.
- Don José Chorén Vázquez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Dona Alicia Peña Murias, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Dona Elva Anido Anido, Xefa do Servizo de Interención do Concello.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Así mesmo asiste dona Pilar Abuín, en representación da Asociación Provincial de Empresarios da Construcción.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar que todas as empresas presentada á presente licitación foron admitidas, aínda que a tres delas acordouse solicitarlles o aboamento da taxa correspondente á dilixencia de bastanteo. Na súa consecuencia procédese á apertura dos sobres B correspondente á Memoria Técnica.

A tal efecto indicar que a empresa CANALUGO, S.L. presenta dentro deste sobre B, documentación indicativa da oferta económica. Esta información debía ir incluída no sobre C relativo á proposta económica polo que en consonancia co establecido no artigo 134 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público e normativa de desenvolvemento, a Mesa acorda a exclusión da licitación á dita empresa por non axustarse ó establecido nos pregos de modo que se vulnera a obxectividade á hora de valorar a oferta técnica polos técnicos municipais.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Ref#: ACTA APERTURA MEMORIA TECNICA CAFETERIA.doc

Asunto:

O resto das empresas presentadas cumpren o disposto nos pregos e presentan, en principio, a Memoria Técnica correctamente.

En consecuencia a Mesa acorda a remisión da documentación incluída no sobre B ó Xefe do Servizo Técnico de Parques e Xardíns, para a emisión de informe de valoración.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz